

González Santín: “O PP leva nos últimos anos de vitoria en vitoria ata a derrota final, que cada día está máis próxima”

Considera que as declaracións de Feijóo realizadas hoxe en Lugo amosan “un falso triunfalismo, pois o Partido Popular nesta provincia ten os peores resultados da súa historia, pasando a ser insignificante en moitos concellos e, no caso da Deputación, é a terceira vez que se intenta facer con ela, pero outra vez, os lucenses falan alto e claro, dicíndolle que NON”, afirma

Fronte a esta “debacle”, o efecto do PSOE tanto a nivel galego como provincial “foi excepcional”. “Acadamos tres Deputacións e, nesta provincia, foron os mellores resultados da democracia, ao lograr o maior número de alcaldías de todos os procesos electorais”, destaca

“Dado que foron de mal en peor dende que o antigo presidente da Deputación do PP perdeu o seu cargo e que resulta evidente que Feijóo que non ten pensado cambiar certas prácticas, así como a forma de facer as cousas”, o secretario Provincial vaticina que “o fiasco acadado polos populares nas municipais irá a máis tanto nas xerais como nas autonómicas”

LUGO, 2 DE XUÑO DE 2015.- O secretario Provincial –Juan Carlos González Santín- recoñece “non dar crédito” ás declaracións realizadas esta mañá en Lugo polo presidente da Xunta. Neste senso, considera que tales afirmacións amosan “un falso triunfalismo, xa que o Partido Popular leva nos últimos anos de vitoria en vitoria ata a derrota final, que cada día está máis próxima”, afirma.

A este respecto, González Santín non dubida en destacar que “o PP nesta provincia ten os peores resultados da súa historia, pasando a ser insignificante en moitos concellos”; cuestión que se repite na Deputación. “É a terceira vez que se intenta facer con ela e, outra vez, os lucenses falan alto e claro, dicíndolle ao PP de Lugo e ao señor Feijóo que NON”, apunta.

Fronte a esta “debacle”, o efecto do PSOE tanto a nivel galego como provincial “foi excepcional”. “Acadamos tres Deputacións e, nesta provincia, foron os mellores resultados na historia da democracia, na que logramos o maior número de alcaldías de todos os procesos electorais”, engade.

“Foron de mal en peor”

“Tendo en conta o que dixeron os lucenses nas urnas”, o dirixente socialista cre que “tanto o Sr. Feijóo como o Sr. Barreiro non poden sacar peito”. E é que “foi o peor resultado do Partido Popular na provincia de Lugo; un desenlace que foi de mal en peor dende que o antigo presidente da Deputación do PP perdeu o seu cargo”, suliña.

“O fiasco irá a máis”

Por iso, lamenta que “o Sr. Feijóo aínda non entendese a mensaxe que lle trasladaron os cidadáns o pasado 24 de maio, que é que ten que mudar as súas políticas que tanto dano están a facer as persoas; algo que aquí sabemos ben coa Hemodinámica no HULA, e que quedou perfectamente claro coa manifestación multitudinaria na que a provincia en bloque se uniu para reclamar servizos os servizos sanitarios”.

Por todo elo, e dado que “é evidente que o presidente da Xunta que non ten pensado cambiar certas prácticas, así como a forma de facer as cousas”, o secretario Provincial vaticina que “o fiasco acadado polos populares nas municipais irá a máis tanto nas xerais como nas autonómicas”.